

pola laicidade

I

A **aconfesionalidade do Estado**, tal como está proclamada na Constitución Española (CE) e na Lei Orgánica de Liberdade Religiosa (LOLR), está permitindo a realidade dun Estado confesional-católico e, por presión de outros credos, tende a se converter nun Estado pluriconfesional.

Os feitos demostran-no:

A igrexa católica beneficia de substanciosos privilexios fiscais e asignacións para as súas obras, paga o clero e as viaxes do seu máximo representante, o Papa, con diñeiro de todos/ass (crentes e non-crentes), imparte a súa relixión e fai proselitismo na Escola e a Universidades Públicas. Os Bispos católicos (galegos à cabeza) convocan e inducen os seus fieis a se confrontaren e incumpriren o mandado das Leis.

Por outra parte, **os poderes públicos** deitan a toalla. Incrementan os privilexios fiscais e dotacións económicas à Igrexa e aos seus centros de ensino; permiten-lle acomodacións no cumprimento da Lei; introducen-na, como tal, en Consellos médicos hospitaláricos. Governantes e funcionarios públicos acoden a actos de culto (oferendas, funerais, procisións...) e ocupan neles lugar emente, e reservado à súa condición. Tal como se comportan, contribuen a que as hierarquías relixiosas alimenten o delirio dun suposto dereito de dominio sobre as consciencias de toda/os a/os cidadá/ns e a súa pretensión dun poder relixioso, mais na práctica político, que está por riba do poder civil soberano lexitimamente constituído; ao punto de os governantes abaixaren perante eles a cabeza e, como tais, submisamente pediren no templo ao seu deus e patróns que arranxen os problemas sociais que a eles incumbe resolver.

Como xa advertían lúcidos membros da sociedade civil, nesta materia faltou por facer a "Transición", e por a reflectir na Constitución e na LOLR. É hora, pois, de afrontar a tarefa e de os poderes públicos e igrexas ocuparen **CADA UN O SEU SÍTIO** e funcionaren cada un no seu diferente campo. Os dereitos que non se conquistan, non se obteñen; os xa conseguidos perden-se, se non se defenden.

II

Esta **teopolítica retrógada**, galopante no Reino de España, coincide con dinámicas expansivas das hierarquías relixiosas en todo o mundo, con expresións tan extremas como vixentes reximes autenticamente teocráticos que impoñen a toda a sociedade os preceitos e as normas dunha relixión; ou que utilizan a relixión como pretexto ou coarctada para a represión e para actos de agresión. De feito, as tres relixións do Libro (xudaísmo, cristianismo e islam) desataron guerras en nome do seu deus, executaron infieis no seu nome, e esnaquizaron a convivencia de sociedades e familias. Confundiron o convite ou proposta con a imposición, converteron en delito o que no seu credo é pecado, esquecendo que "ninguén pode ser importunado por razón das súas opinións, mesmo as relixiosas"; confundiron o espazo das crenzas con o da liberdade e a razón.

III

A situación nunha sociedade emancipada, moderna e plural, nunha sociedade en que están presentes crentes e non crentes e pluralidade de relixións con dogmas e morais confrontados, que non respeitan dereitos e liberdades básicos, esixe:

1. Unha democracia en que o protagonista ou suxeito político é a persoa como tal, autónoma e libre; non crente, atea ou agnóstica. (A república non precisa crentes para existir e gobernar-se, precisa cidadá/ns iguais que constrúan xunta/os o futuro).
2. Unha democracia que garanta a igualdade de toda/os a/os cidadá/ns perante a Lei e perante os órganos do Estado; con independencia de que teña ou non crenzas relixiosas. Nengunha persoa é superior nen inferior a outra por razón de crenzas relixiosas, do seu ateísmo ou da súa carencia de crenzas relixiosas.
3. Unha democracia que se rexe unicamente polas leis elaboradas para todas e todos polos órganos de representación eleixidos polas cidadás e os cidadáns libres, como resultado dunha discusión de orde exclusivamente racional, de raciocínios atinxeis sen "revelación", artigos de fé, nen libros sagrados nen mensaxes divinas ou eclesiásticas, isto é, à marxe de todo mandato relixioso ou supostamente divino ou revelado.

Lei civil, expresión da vontade xeral, que por esencia é única para toda a cidadanía, cuxa función non é acomodar-se às opostas e distintas relixións, senón lograr a convivencia pacífica, tolerante e xusta de toda a sociedade, mais nada.

4. Unha democracia en que tanto a cidadanía como as asociacións ou organizacións, civís e relixiosas, están submetidas à Lei; e en que a nengunha institución relixiosa se recoñezan poderes fronte ao Estado e a sociedade.
5. Unha democracia que garanta un espazo público para o comun a todas e todos, imune às crenzas. Espazo que comprenda as institucións do Estado, civís por definición, e os lugares que ocupan; e cuxa/os funcionárias/os garantan aquela inmunidade e independencia fronte a inxerencias relixiosas, no exercicio das súas funcións públicas e que, en canto tais, absteñen-se de presidir ou acompañar todo acto relixioso.
6. Unha democracia que, ademais, respeite, faga respeitar e garanta a liberdade de consciencia e a liberdade relixiosa e de culto. Liberdade que, neste aspecto, non é en si mesma relixiosa ou atea, senón a facultade de elexer sen obrigación unha versión determinada do mundo, da vida e da espiritualidade. O dereito a ter ou non ter unha fé relixiosa é un dereito de cada cal; mais non é un deber de ningunha, tamén non da sociedade.
7. Unha democracia en que o Estado sexa relixiosamente neutro e as confesións politicamente irrelevantes.